

Expediente: CON2022000019
Referencia interna: 2022/00020751J -
Obras de pavimentación de viarios de acceso en Carlexo e A Gruñán (Vilvestro) e Outenín (Laraño). Plan provincial de cooperación as obras e servizos de competencia municipal POS + Adicional 2/2021 1ª fase Deputación Provincial da Coruña
Tipo de contrato: Obras Procedemento: Aberto
ACTA NÚMERO: 4
ORZAMENTO DA LICITACIÓN: 67.595,99 €, sen IVA

DATOS DA REUNIÓN

Lugar: Servizo de Contratación - Videoconferencia

Data: 30/09/2022

Hora: 09:25

ASISTENTES

PRESIDENCIA:

José Manuel Pichel Patiño, concelleiro de Medio Rural

VOGAIS

-Ana Gago Fernández, viceinterventora municipal en representación da Intervención Municipal

-Iñaki Bilbao Castro, letrado municipal en representación da Asesoría Xurídica

Asesor: Miguel Fernández Solís, enxeñeiro municipal de camiños

SECRETARIA

Soledad Pérez López en substitución de Paz Filloy Mato, xefa de servizo de Contratación

Reúnese a Mesa de Contratación co fin de analizar o escrito achegado polo licitador EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES S.A. no prazo outorgado de tres días no que aclara que a referencia ao outro contrato na oferta económica é un erro.

Realizada á análise do mesmo os membros da mesa acordan por unanimidade aceptar a aclaración respecto do erro material cometido pola empresa á hora da elaboración do documento da oferta económica, entendendo como se deduce da demais documentación que a licitación á que se refería é a denominada *Obras de pavimentación de viarios de acceso en Carlexo e A Gruñán (Vilvestro) e Outenín (Laraño). Plan provincial de cooperación as obras e servizos de competencia municipal POS + Adicional 2/2021 1ª fase Deputación Provincial da Coruña.*

Sen prexuízo da decisión que correspondía adoptar á mesa sobre a aceptación de EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES S.A. neste procedemento de adxudicación, o enxeñeiro de camiños elaborara o día 26/09/2022 o cálculo das ofertas presentadas con e sen este licitador. Por razóns de eficacia administrativa e diminución dos tempos de tramitación, a mesa incorpora o informe no que figura admitido este licitador ao expediente e repasa as puntuacións que figuran no mesmo para os distintos licitadores, resultando que as ofertas económicas das empresas EXPLOTACIONES GALLEGAS, SL e OBRAS Y VIALES DE GALICIA son susceptibles de seren consideradas en baixas polo que procede o requirimento de xustificación das mesmas.

Acordos da mesa pola unanimidade dos seus membros:

1º.- Aceptar o escrito de aclaración presentado por EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES SA, e acorda que prosiga neste procedemento de adxudicación.

2ª Aceptar o informe do 26/09/2022 do enxeñeiro municipal de camiños que se vai publicar con esta acta cos cálculos das puntuacións das baixas e das ofertas presentadas polos licitadores.

3ª Requirit a EXPLOTACIONES GALLEGAS, SL e a OBRAS Y VIALES DE GALICIA con ofertas presuntamente anormalmente baixas que xustifiquen as ofertas presentadas.

Levántase a sesión ás 09:30 horas

Vº e prace
A Presidencia da Mesa

Eu, como secretaria, dou fe